



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA

SECCIÓN IV

Teléf: 981 080 040

email: xestion.tributaria@dacoruna.gal

OFICIO
IVTM – PADRÓN 2025
EXPTE: 3501000000167

Información relativa ao Padrón fiscal do IVTM, exercicio 2025

O Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, exercicio 2025, dese concello, aprobouse por resolución número 14064, de 25 de marzo de 2025, da Presidencia desta Corporación, na que se contén a relación de suxeitos pasivos, características e matrícula dos vehículos de que son titulares e cota a satisfacer, en cada caso, de acordo coa Ordenanza fiscal aprobada por ese concello.

O ficheiro que contén o referido padrón e o que contén os vehículos exentos, bonificados ao 100 por cen e non suxeitos están a disposición dese concello no seguinte enlace:

<https://repositorio.dacoruna.gal/index.php/apps/files/files/1696121?dir=/IVTM>

O devandito padrón fiscal quedará exposto ao público na Deputación provincial (rúa Archer Milton Huntington, 24, 15071 A Coruña), onde poderá ser examinado polos interesados, **desde o día 1 de abril ao 15 de maio de 2025, ambos os dous inclusive**.

As consultas poderán realizarse a través do correo electrónico atención.tributaria@dacoruna.gal ou chamando ao teléfono 981415900.

O anuncio de exposición pública dos padróns fiscais será publicado, oportunamente, no Boletín Oficial da Provincia e nos diarios de maior tirada da provincia.

O presidente,
PDFR 29/08/2023

O deputado
José Ramón Rioboo Castro

SR/A. ALCALDE/SA